

ORDENANZA FISCAL Nº 15 REGULADORA DA TAXA POR SERVIZOS PRESTADOS POLO SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO.

ARTIGO 1. FUNDAMENTO E NATUREZA.

Ao abeiro do previsto na Lei facendas locais este Concello establece a taxa polos servizos prestados polo servizo sociocomunitario.

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúe o feito imponible da taxa por prestación de servizos prestados polo servizo sociocomunitario os específicos nas tarifas contidas no artigo 6 da presente ordenanza.

ARTIGO 3. SUXEITO PASIVO.

Son suxeitos pasivos da taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas polos servizos ou actividades prestados polo servizo sociocomunitario que constitúen o feito imponible da taxa.

ARTIGO 4. RESPONSABLES.

1. Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo todas persoas que sexan causantes ou colaboren na realización dunha infracción tributaria.

2. Os copartícipes ou cotitulares das entidades xurídicas ou económicas ás que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria responderán solidariamente en proporción ás súas respectivas participacións das obrigacións tributarias das ditas entidades.

3. Os administradores de persoas xurídicas que non realizaren os actos da súa incumbencia para o cumprimento das obrigacións tributarias daquelas responderán subsidiariamente das débedas seguintes:

- a) Cando se cometeu unha infracción tributaria simple, do importe da sanción.
- b) Cando se cometeu unha infracción tributaria grave, da totalidade da débeda esixible.
- c) Nos supostos de cesamento das actividades da sociedade, do importe das obrigacións tributarias pendentes na data de cesamento.

4. A responsabilidade esixirase en todo caso nos termos e de acordo co procedemento previstos na Lei xeral tributaria.

ARTIGO 5. BENEFICIOS FISCAIS.

1. Non se aplicarán exencións, bonificacións nin reducións para a determinación da débeda tributaria que os suxeitos pasivos deban satisfacer por esta taxa.

2. Non obstante, o disposto no apartado anterior, no artigo 6.2 desta ordenanza contéñense tarifas reducidas aplicables cando os suxeitos pasivos acrediten escasa capacidade económica.

ARTIGO 6. COTA TRIBUTARIA.

1. A contía da taxa reguladora nesta ordenanza será a seguinte:

| | |
|--|---------------------------------------|
| Tarifa 1ª.- Actividades xerais dos programas municipais do Servizo Sociocomunitario | 8,15 € participante/mes |
| Tarifa 2ª.- Actividades do programa CONCILIAESCOLA | 8,15 € participante/quenda |

2. De acordo co disposto no artigo 8 da Lei 8/89 do 13 de abril, en situacións de escasa capacidade económica, previo informe social, as tarifas contidas no punto anterior reduciranse nun 50 %.

3. En situacións de absoluta imposibilidade económica para satisfacer as tarifas anteriores, prestaranse os servizos gratuitamente, co informe previo da Área de Servizos Sociais.

ARTIGO 7. NORMAS DE XESTIÓN.

1. O Concello de Narón fixará os períodos hábiles durante os cales as persoas participantes poden solicitar a súa matriculación nas actividades e cursos dos programas que respectivamente se impartan.

2.- Nas actividades xerais:

- A alta na actividade deberá realizarse o mes anterior ao inicio da actividade, mediante solicitude que deberá presentarse en modelo oficial no Rexistro Xeral do Concello.

Non poderá cursarse a alta na actividade no suposto de que a persoa sexa debedora da taxa por actividades de convocatorias anteriores.

- As taxas reguladoras nesta ordenanza devengarase no momento en que se outorgue a prestación do servizo.

Si o inicio da prestación do servizo por parte do servizo sociocomunitario ten lugar na segunda quincena, a taxa devengarase no 50%.

O pagamento das taxas realizarase a mes vencido. Neste caso, o pagamento poderá realizarse por domiciliación bancaria que autorizará o solicitante do servizo, por escrito, no momento da concesión.

O departamento de Sociocomunitario remitiralle á oficina de Tesourería a relación mensual de usuarios con especificación dos datos bancarios de domiciliación e os correspondentes recibos.

-A falta de pagamento de dúas mensualidades levará consigo a baixa automática da actividade.

- A baixa na actividade deberá realizarse formalmente, mediante presentación de escrito no Rexistro Xeral do Concello, ou por calquera outra forma establecida na Lei de Procedemento Administrativo. A obriga do pago da cota manterase ata o último día do mes en que se curse formalmente a baixa.

3. Na actividade de Conciliaescola:

-A alta na actividade deberá realizarse mediante solicitude que deberá presentarse en modelo oficial no Rexistro Xeral do Concello, no prazo establecido na convocatoria.

-O pago da taxa realizarase mediante autoliquidación que deberá ser ingresada con carácter previo ao inicio da actividade.

-Devolución da cota na actividade de Conciliaescola:

- Se unha vez obtida a praza e aboada a taxa correspondente, a persoa interesada non puidera asistir á actividade, só terá dereito á devolución desta no caso de que comunique a renuncia á praza por escrito e solicite a devolución da taxa aboada, polo menos vinte días naturais antes do inicio da actividade.
- Cando por causas non imputables á persoa interesada, non se preste o servizo, ou o Concello anule a realización da actividade.

Todas aquelas solicitudes de devolución de cota que non sexan presentadas tal e como se reflicte no apartado anterior, serán denegadas independentemente da causa xustificativa que se alegue na respectiva solicitude.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no B.O.P., e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do 2019, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.